


Día das Letras Galegas 2009

Ramón Piñeiro

Ramón Piñeiro reflexionou na súa obra ensaística sobre os tres factores esenciais na cultura galega: o lirismo, o humorismo e o sentimento da paisaxe. Foi ao lirismo ao que dedicou máis tempo de estudo porque ningunha outra característica da cultura galega ten unha relación tan directa coa saudade, obxecto de estudo da maioría das súas publicacións.

Cre que o lirismo é a expresión da singularidade de cada ser humano cando se escoita a si mesmo en soidade. Se o lirismo é expresión da nosa intimidade, da nosa singularidade e da que somos conscientes a través da soidade, e a saudade é a vivencia sentimental desa soidade, entón pode deducirse, en opinión de Ramón Piñeiro, que hai unha estreita relación entre lirismo e saudade.

Para Ramón Piñeiro o amor e a ausencia son os pais da saudade. Sentimos pena polas cousas que nos faltan ou desaparecen porque as amamos profundamente. A saudade é forte cando hai moito amor e unha longa ausencia. É a través da poesía como mellor podemos exteriorizar a saudade nunha conversa íntima, falando cun mesmo como fai o lirismo.



Outras culturas teñen palabras nos seus idiomas que dan voz a un sentimento semellante:

DOR na cultura romanesa  
SEHNSUCHT, HEINWEH na xermánica  
LÅNGTAN na sueca  
SAVDAN na servocroata que procede do árabe e que ten connotacións de melancolía, arela, devezo ou nostalxia.

Ramón Piñeiro distingue entre a saudade pura e:

- Añoranza de algo perdido ou nostalxia da terra afastada (saudade non pura)
- Arela de algo ideal ou ilimitado
- Morriña: un sentimento psicolóxico de tristura sen un motivo externo (ontolóxico) que identifica coa melancolía.
- Sehnsucht: aspiración a algo descoñecido relacionado coa vontade.
- Anguria existencial heideggeriana: sentimento existencial da temporalidade mais non da individualidade, da singularidade do propio ser humano.

Syngde: "a saudade é un desexo instintivo de beleza, unha arela de librarse das preocupacións materiais creando preocupacións imaxinativas e un convencemento instintivo de que non sempre é triste o que parece triste a primeira vista."

Yeats: "a melancolía que se ve nos ollos dos celtas é unha melancolía que case é unha parte da súa alegría."

**ETIMOLOXÍA**  
O padre Martín Sarmiento é que primeiro testemuña a existencia oral da palabra en Galicia. Os poetas do sec. XIX como Xoán Manuel Pintos e Rosalía de Castro utilízanla con naturalidade e máis frecuentemente na súa forma en plural: saudades. A propia Rosalía utiliza saudoso para referirse a algo saudable, o que apoia a complexa tese sobre a orixe desta misteriosa palabra. Carolina Michaëlis suxire que saudade é resultado do cruzamento entre a soidade (de solitates), saúde e salidade (de salutate, salvación).

